




REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 26/05/2015 12:47:43

SAÍDA 50174 / RX 693234



JAVIER BAS CORUGEIRA. ALCALDE PRESIDENTE
 CONCELLO DE REDONDELA
 R/ALFONSO XIII, 2
 36800 REDONDELA

Expediente: SPI-010/2013

En relación coa súa solicitude na que demanda a declaración de ben de interese cultural dos restos da fortaleza de Rande, infórmolle de que o mencionado ben (GA36045067), xa dispón da consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), ao abeiro do que establece o Decreto do 22 de abril de 1949, sobre protección dos castelos españois, (BOE núm. 125, do 5 de maio de 1949), e a Disposición adicional primeira da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).

Ademais, como xa coñecerá, na actualidade están en curso os traballos para a construción da ampliación da ponte de Rande, proxecto que foi informado no seu momento pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e no que se concretou a necesidade de poñer en valor o Castelo de Rande, desenvolvendo previamente un proxecto específico que conte cos resultados dunha escavación arqueolóxica no xacemento.

Para poder avaliar a idoneidade dunha declaración específica de BIC e a súa delimitación de xeito previo debería realizarse un estudo detallado do elemento e definirse as relacións coa súa área territorial (que non administrativa), tal como se manifesta no artigo 11.1.b, da LPCG. Por este motivo debe agardarse para a súa tramitación a contar cos resultados da escavación arqueolóxica prevista.

Por todo o anterior comunícolle que para seguir coa tramitación é preciso completar a investigación arqueolóxica sobre o xacemento, actuación xa prevista e que, coas súas conclusións, debería permitir, cando menos, coñecer os seus límites físicos e achegar datos sobre a súa implantación no territorio e caracterizar os seus aspectos paisaxísticos, xeográficos e ambientais e as zonas a delimitar como BIC e coma contorno de protección, e desta forma poder avaliar o valor sobranceiro do ben, que por outra banda conta xa cunha protección e está sometido ao réxime establecido para os BIC.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2015

A directora xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Insua

